

NADA PERSONAL

Por MANUEL PEREIRA

Tareixa Navaza, un sorriso entre borrascas

«Eu non digo 'si, bwana'»

—Co que levas visto, gríste moito por dentro?

—Ríome por dentro e por fóra.

E si que sabe sorrir esta Tareixa Navaza que agora anda entre isobaras na pantalla da TVE en Galicia. A televisión ten a capacidade de crear mitos efímeros, que xurden e se esvaen coa mesma velocidade dun anticiclón que vén das Azores. Pero Navaza non parece ter os pés de barro senón de seixo, e se non servían as explicacións racionais podemos botar man do zodíaco: «Son Capricornio, e canto máis fondo estou no pozo con máis forza renazo, sintome ben loitando».

Tiña 16 anos, en 1965, cando se presentou acompañada da nai para unhas probas de locutora en Radio Galicia de Santiago de Compostela. Non hai voces mómimas, pero ese foi o seu primeiro traballo: unha voz anónima que daba o indicativo e presentaba discos. Nunha ocasión puxo «La chica yo-veo ás once da noite e montouse un caso de moito candado. Desde entón, xa choveu «Hora 25» e as primeiras emisións en galego polo medio día na TVE, con aquel pequeno grande equipo que dirixía Lurs Mariñas, son para ela dúas épocas inolvidables. Pero ese rostro sereno e amable vaise alterado a principios deste ano cun llo de faldas. Un director da TVE-Galicia, logo cesado, decidiu que o magazine que presentaba Tareixa debía ser levado con aires máis frívolo e con venerosa infantilidade.

—Cando o «apartheid», a favor súa organizouse ata unha manifestación. ¿Non foi unha reacción desproporcionada?

—Eu vinme metida nunha rolda de fechos consumados, desbordada por unha mostra de solidiedade e aposos que me emocionaron, porque vivía, ademais, un momento familiar moi triste. Foron principalmente as mulleres feministas as que máis se moveron contra aquela arbitrariedade. Non se reclamaba unha patente de corso, porque un non é inamovible nin imprescindible. Pero aquela medida es-



«Hai momentos en que sintes ganas de subir a unha farola»

tivo rodeada dunha total falta de ética e de estética, con formas impresentables. A xente dos medios de comunicación non temos por que permitirla que se nos trate como marionetas, sen dignidade, como aqueles cesantes decimonónicos que se movían polos caprichos de turno. A credibilidade, o afecto ou o odio dos telespectadores, non se gana da noite para a mañá. Por algo será que as cadeas de radio e televisión privadas andan á caza e captura de profesionais cunha probada traxectoria. Eu non digo que se peche a porta ós novos, todo o contrario. Pero as cousas hai que facelas con respecto e con razóns. A información televisiva tampouco é cousa de botarlle cara, como alguén ten dito.

—Especulouse daquela cunha motivación política. ¿Cre vostede que efectivamente houbo algo diso?

—A min ningún me deu unha explicación, nin antes nin agora. Eu creo que si cabe falar dunha especie de represión política. A determinadas persoas, a

determinados sectores do poder autonómico, resultáballe molesta ou non simpática. Eu nunca fun unha persoa sumisa. Un cargo do PSOE díxome que do meu xeito de facer o programa trascendía unha ideoloxía nacionalista moi concreta. Non é certo. Un dos pasos máis fortes deillo o presidente da Mesa para a Normalización Lingüística. A min non me doen prendas e impórta-me un comino quen sexa, cando creo que en xusticia hai que criticalo.

Ademais, se estás no poder, como dicía Tierno Galván, has ser receptivo ás críticas, porque son unha forma de avanzar. Pero ocorre que esta é unha época gris e de mediocridade. A algúns o único que lles gusta é o botafumeiro. Tamen aquí terían que caer muros de Berlín.

—Pero é lóxico que os políticos procuren saír ben parados. ¿Que me di vostede dos periodistas?

—O responder á crítica é o que pode dar credibilidade a un político. Os que mandan deberían preguntarse para que lles

serve un periodista que lle di «si bwana» mentres o entrevista en televisión. ¿Fíxachete na entrevista a Felipe González na campaña electoral? ¿Era de pena?

—Por outra parte, debería haber máis solidariedade profesional. Convén recordar aquilo de Brecht: Un día van chamar á túa porta, ¿e ti que fixeches?

—Fagamos un experimento. ¿Que lle preguntaría vostede a Laxe?

—Preguntaríalle que queda do Laxe que con outros compañeiros pretendía galeguizar o PSOE.

—¿E a Fraga?

—Pois preguntaríalle, por exemplo, como quere vender agora un galeguismo estilo Branñas cando noutra época se adicou a perseguir ese galeguismo.

—Imos darlle ó mando a distancia. ¿Que tal lle vai entre borrascas?

—Dar a información meteorolóxica é, tecnicamente, algo terrible. Ao principio anguríame moito, porque era como comer de cerco. Tes que sinalar os

anticiclóns nun mapa que non existe, que é unha tea azul, anque o espectador vexa na pantalla un mapa. Pero é unha nova experiencia na que me están axudando moitísimo as xentes do Observatorio Meteorolóxico da Coruña. Chámame os amigos. O outro día chamounme Lucio Rey e díxome que chovera pó roxo no sur. Ademais ten moito interese ese tipo de información. Saio á rúa e a xente preguntame se vai chover.

—Falando de saír á rúa, ¿non se sente moí controlada en Compostela?

—Controladísima. Hai momentos en que Compostela te aloja, en que sintes ganas de subir a unha farola. Houbo épocas en que me molestaba que me mirasen, porque teño un fondo de gran timidez, ata que me dixeran: non vou hipotecar a miña vida, debo facer o que me parece. Ten unha parte positiva porque non perdes a relación humana, podes ir a calquera sitio a pé, hai moita oferta cultural. Pero si, recoñezó que vivir en Compostela é difícil. O que pasa é que as cidades grandes nunca me gustan. O que boto moito de menos en Santiago é o mar.

—Non tardarían en traelo.

—(Risas). Claro, xa nos ofrecen unha praza con raio láser.

—Nese ambiente, debe ser moí difícil ter amoros.

—Bueno, síntese vixiada, criticada... Ademais, anque dis que non, pesa todo o que che inculcáron. A veces doume conta de que non estou sendo natural.

—Vostede é, disculpe a expresión, unha solteira de ouro. ¿Non pensa casar?

—É un tema que cada vez me preocupa menos. Faimo ilusión estar coa persoa que quero pero endexamais pensei que era necesario casar. Gostame aquilo que dicían Sartre e Simone de Beauvoir, «cada un ó seu armario». Para min a familia é algo máis amplo ca os parentes. A familia son os amigos que non che impón o sangue. Adoro ós nenos pero nunca pensei que para realizarme tiña necesariamente que ter fillos.

BIBLIOTECARIO

O 'condonttieri' Padín

Pablo Padín, conselleiro de Saídade neste goberno galego inspirado por Andicotti, acadou unha pública cunha administrativa declaración de amor filial nomeou asseora a súa propia filla, a correspondente pero antonómica. Ante a evidencia que uniu esa exemplar demostración de agerme paterno, Padín tivo que volver e ceder fronte os sempiternos inimigos da célula biolóxica. Se un pai ha de mirar sempre polos fillos, que non ha facer un pai que ademais é conselleiro? E digo máis, ¿quen mellor que a filla dun para asesorar no recto goberno?

O amor de Pablo Padín pola familia está máis que probado, por iso resulta dúbidamente hipocrita e fanático esta campaña montada contra a conselleira por mor dun condón publicitario. O condón da conselleira non só pasará á historia como un efectiva freno para a extensión do sida, senón tamén como unha das máis logradas obras do pop-art galego.



O amor manda

Os que están contra o condón non só son uns reaccionarios típicos, pois deixan a mara ha atrás como única alternativa, senón tamén exóticos, incapaces de entender a

revolucionaria visualística aberta por Andy Warhol, o neoloxiquino que acadou unha mundial retratando latas de conservas que en realidade só eran latas de conservas. Teólogos e moralistas profesionais e afeccionados deberían aclararme este dilema: ¿hai mellor xeito de mostrar un condón que non sexa un condón mesmo?

Os galegos, segundo sabía definición de Manuel Cona, son conservadores pero non reaccionarios. O pobo galego sabe taxar a gaita con virtuosismo e dalle ó bamba con prudencia. Apreta unha boa noite na cara do trigo e non lle gusta que as mudanzas rematan con subversión. Nesta ocasión, Fraga desafiou co mito. Demasiado bamba. O de Vilalba, que se serenou nas augas atlánticas, debería ter un «basico» no pero que lle dera aviso condón desafiadora: ¿Ese bamba, Manuel?

Para súa culpa, Pablo Padín, o «consiglierio», é agora o «condonttieri».

DENTRO DE 25 ANOS

26 de noviembre de 2014

Autopista

Continúan a muy buen ritmo las obras de construcción del tramo de la Autopista del Atlántico entre Santiago y Pontevedra. Después de una intensa comedia de trabajo, responsables del MOPU y de la COTOP han informado que el parque mecánico se reforzará con un volquete de la casa «Juegos reunidos Jeypro» y con un equipo de operarios «Madelman», accionados por energía solar. Si se cumple el calendario previsto, es posible que las obras estén listas para la celebración de la Expo 92 en Pontevedra, con motivo del VI Centenario.

San Andrés de Teixido

Fuerzas de la Policía Autónoma han interceptado a la salida de Cedeira un chimpancé que, según todos los indicios, trataba de llegar a San Andrés de Teixido. El simio carecía de todo documento de identidad, por lo que el juez ordenó su ingreso en los calabozos municipales. En base al programa de investigación VM/FV (Vai de Morto quen non Foi de Vivo), subvencionado por la Xunta, un equipo de antropólogos trata de desvelar la verdadera personalidad del reencarnado. A juzgar por la actitud del chimpancé, que acepta los percibes y rechaza las bananas, debe tratarse de un personaje relevante del pasado siglo.

Temporal

Fuentes de Protección Civil han mostrado su alegría tras el paso del ciclón «Meigas Foras», que durante dos días asoló el territorio gallego. «Pensábamnos que esta vez también nos tomaría el pelo», declaró el jefe de Protección Civil, Manuel Alá Ti, quien tuvo que ser rescatado en su oficina por unos pasanos.